

Capela de San Pedro de Rubieiro

Pódense ver os pazos das Cadeas, Vilasuso e Esperante, as igrexas de Paleo, Quembre e a Capela de San Pedro de Rubieiro. Tamén se atopan fontes miragreiras e pódese disfrutar do paseo á beira dos ríos Barcés e Abelleira. Unha vez que se chega a Costa da Égoa, podemos percorrer a beira do río e observar o conxunto dos muíños e o seu funcionamento. Aquí é onde a auga se converte en enerxía para moer o cereal do coñecido Pan de Carral.

E despois deste camiñar e para recuperar forzas, recomendámoslle degustar o noso pan e a nosa empanada que son as estrelas locais da gastronomía carralesa.



Muíños de Costa da Égoa

**Concello de Carral**

Información en
**www.concellocarral.com**
e nos teléfonos 981 670 002 e 981 672 580.




Programa PRODER II

TERRA DAS MARIÑAS

agader

FEOGA ORIENTACIÓN

# ROTEIRO MARIÑÁN

PR-G 101

Roteiro Mariñán

# Costa da Égoa









**Concello de Carral**




# Descrición do itinerario

O Roteiro Mariñan Costa da Égoa de Carral é un roteiro sinalizado de 11.8 km, suave, apto para realizar a pe, en cabalo ou bicicleta.

Existen paneis interpretativos no inicio e remate e ao longo do seu percorrido: cemiterio de Paleo, aparcamento de Costa da Égoa, Herves, Monte-Meán, Novás, Vilasuso e Santa Rosa.

Ten múltiples alternativas pero a principal parte do cemiterio de Paleo, onde están soterrados os Mártires de Carral, e transcorre polo fermoso Val de Barcia até os muiños de Costa da Égoa.

Tamén decir que Carral, ademáis desta, conta con outras rutas de atractivo paisaxístico, cultural e patrimonial e que se explican no panel da praza da Capela de Paleo. Son a Ruta Xacobea do Camiño Inglés de Santiago, a Ruta dos Mártires e a Ruta do Castro.

Dificuldade: media
Distancia: 11,8 km
Duración: 5 horas
Recomendacións: utilización de calzado deportivo, cantimplora e cámara fotográfica.
Teléfonos de interese:
- Centro de Saúde: 981 672 186
- Policía Local 689544311
- Guarda Civil Carral: 981 670 203
- Parada de taxis Carral: 981 670 257
- Emerxencias: 112

- Igrexa
- Bar/Restaurante
- Pazo
- Área Recreativa
- Fonte
- Casa de Turismo Rural
- Muíño
- Painel informativo
- Miradoiro Panorámico

- Sinal de continuidade.
- Sinal de camiño errado
- Sinal de cambio de sentido.
- Sinal de derivación.




